



Concello de  
**OURENSE**

*IV* /

OURENSE 2019

*Ciclo*  
**LÍRICO**

15 22 29 NOV

COLABORAN:



OURENSE 2019

# IV Ciclo LÍRICO

15 de NOVIEMBRE  
20:00 h TEATRO PRINCIPAL *de* OURENSE

Susana de Lorenzo, soprano  
Alejo Amoedo, pianista



22 de NOVIEMBRE  
20:00 h TEATRO PRINCIPAL *de* OURENSE

Luz y Norte:  
Victor Sordo, tenor  
Sara Águeda, arpa histórica  
Calia Álvarez, viola de gamba



29 de NOVIEMBRE  
20:00 h TEATRO PRINCIPAL *de* OURENSE

Josep Ramón Olivé, barítono  
Francisco Poyato, piano



—  
[www.ourensecultura.com](http://www.ourensecultura.com)

Estimada veciña, estimado veciño,

É un pracer poder presentar unha nova edición do ciclo lírico da cidade que, un outono máis, ese momento do ano no que nos atopamos máis cómodos nos espazos interiores, enche de propostas culturais a cidade. A música forma parte da programación cultural desta cidade e chegamos neste ano á cuarta edición deste ciclo, que nos achegará, a través de tres concertos, diferentes propostas líricas, para poder gozar así deste fermoso xénero musical.

Comezaremos o ciclo coa nosa lírica. A través da voz da soprano Susana de Lorenzo, cantante galega de recoñecida traxectoria nas nosas salas de concertos, xunto ao pianista Alejo Amoedo, músico prestixioso e divulgador do amplo repertorio lírico esquecido galego, ofrecerán un concerto que nos fará viaxar pola nosa música máis íntima, con obras de Marcial del Aladid, Chané, Gaos ou do noso Mestre Vide. Será, sen dúbida, un estupendo concerto para arrincar o ciclo.

No seguinte concerto viaxamos á lírica medieval co prestixioso grupo Luz y Norte que, xunto á recoñecida arpista Sara Águeda, acércase á nosa cidade con Víctor Sordo como tenor e Calia Álvarez coa viola de gamba. Con eles, nunha viaxe imaxinaria, transitaremos pola paisaxe que describiu Cervantes coa música de compositores españois como Sebastián Durón, Juan Bonet de Paredes ou José Marín.

Para rematar, o concerto de clausura correrá a cargo do barítono Josep Ramón Olivé acompañado do pianista Francisco Poyato. Os dous levaranos a outra proposta lírica, diferente pero complementaria no noso ciclo, mesmo necesaria: a lírica máis clásica, na que todas pensamos e a que está formada polo repertorio de ilustres compositores como Schubert, Mahler, Strauss, Debussy ou Ravel. Será, sen dúbida, un broche de ouro para o noso ciclo.

Remato convidándote a participar desta proposta cultural e, en xeral, a acercarte á programación cultural da cidade.

*Mario* GONZÁLEZ SÁNCHEZ CONCELLEIRO DE CULTURA

# 15



NOVEMBRO

20:00 h

TEATRO PRINCIPAL  
*de* OURENSE

Susana de Lorenzo, soprano  
Alejo Amoedo, pianista



## *Susana* DE LORENZO SOPRANO

Soprano lírica. Combina a Música co ensino do Latín e o Grego. A súa traxectoria defínese pola variedade de repertorios e estilos, así como pola estrea de obras e recuperación de compositores, incluída a creación como compositora.

Interpreta moitas das pezas máis emblemáticas da música clásica desde Monteverdi a Leonard Bernstein pasando por Bach, Haendel, Mozart ou Beethoven nos principais xéneros de ópera, *lied*, oratorio, zarzuela, ou musical; Música medieval e renacentista, folk, rock, jazz e electroacústica contemporánea.

Actuou coa Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filarmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Melide, Orquestra de Cámara Galega, Orquestra Gaos, Cuarteto Mondello, Banda Municipal da Coruña, baixo a dirección de Federico María Sardelli, James Ross, David

Ethéve, Fernando Balboa, José Luis Represas, Fernando Vázquez Arias, entre outros, en actuacións realizadas no Palacio da Ópera da Coruña, o Teatro Rosalía de Castro da Coruña, o Teatro Colón da Coruña, a Real Academia de Belas Artes da Coruña, o Museo de Belas Artes da Coruña, a Real Academia Galega da Lingua de A Coruña, Teatro García Barbón de Vigo, Teatro Jofre de Ferrol, Auditorio Galicia de Santiago de Compostela, Auditorio da Universidade de Santiago de Compostela, Auditorio da Universidade Carlos III de Madrid, xira en Edimburgo e varias localizacións das Highlands de Escocia.



## Alejo AMOEDO

PIANISTA

Nado en Redondela, realiza os seus estudos musicais nos conservatorios de Pontevedra e Vigo, onde finaliza con altas cualificacións as carreiras de piano e música de cámara cos mestres Jesús Fernández Yepes e Josefa Estarque Vila. Posteriormente en Madrid, baixo a dirección de Miguel Zanetti, especialízase no acompañamento vocal.

Conta cunha ampla traxectoria en recitais en diferentes espazos onde, tamén, estreou obras de compositores como Rogelio Groba, Carlos López García-Picos, Juan Eiras, Antonio Paz Valverde, Paulino Pereiro, Eligio Vila, Miguel Brotóns, Ángel Montes, Xabier Comesanha, María Mendoza ou Juan Pérez Berná, entre outros, ademais de gravar varios cedés, onde debemos destacar o tripla CD *Antoloxía de Compositores Galegos* (2013), xunto ao clarinetista Asterio Leiva, *En-sueño* (2004), *Virtuosimo Barroco* (2011), *Fan-*

*tasy Trumpet* (2012) e *Trumpet Contemporary* (2013), realizados xunto ao trompetista Rubén Siméon, *Mélodies* (Mans, 2012), conxuntamente coa mezzosoprano Iria Cuevas, ou *Evocación* (2016), coa obra para piano só de Reveriano Soutullo.

É asesor da Fundación Reveriano Soutullo e forma parte do proxecto de investigación «Fondos documentales de música en los archivos civiles de Galicia (1875-1951): Ciudades del Eje Atlántico da Universidade de Santiago de Compostela».

# Programa

Susana DE LORENZO / SOPRANO

Alejo AMOEDO / PIANISTA

## 1/

### Marcial del ADALID GURREA /

A CORUÑA, 1826 - LIÁNS, OLEIROS, 1881

- *Bagoas é sonos*
- *Frouseira. Iriste Frouseira*
- *Canto do berce*
- *Soedades*
- *A bordo*
- *Mondariz*
- *¡Pesóulle!*
- *Miña terra, miña terra*
- *A sorte*
- *A noite de San Xoán*

*Textos de Francisca González Garrido (Fanny Farrido)*

## 2/

### José Castro GONZÁLEZ CHANÉ /

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1856 - LA HABANA, 1917

- *Os teus ollos.* «Melodía gallega»  
Texto: Manuel Curros Enríquez
- *Gaiteiriño Pasa.*  
Texto: J. N. Aramburu

### Andrés GAOS BEREÁ /

A CORUÑA, 1874 - MAR DE PLATA, 1959

- *En mai,* op. 25.  
Texto: Heinrich Heine.  
«*A son ami Leandro Gurina*»
- *La rose.*  
Texto: H. C. Andersen
- *Rosa de abril.*  
Texto: Rosalía de Castro. (ed. J. Trillo)

### José FERNÁNDEZ VIDE /

OURENSE, 1893 - 1981

- *Cantan os galos* (canción de alba)  
Texto: Eduardo Blanco Amor. (ed. J. Jurado)

# 22

NOVEMBRO

20:00 h  
TEATRO PRINCIPAL  
*de OURENSE*

## *Luz y* NORTE

Víctor Sordo, tenor  
Sara Águeda, arpa histórica  
Calia Álvarez, viola de gamba



Luz y Norte fai referencia á obra de 1677 do compositor burgalés Lucas Ruiz de Ribayaz, conservada na Biblioteca Nacional de Madrid e é, tamén, o nome dun conxunto español xurdido do interese de todos os seus membros en difundir o repertorio vocal e instrumental europeo e latinoamericano do renacemento e primeiro barroco. Está composto, en esencia, por voz, viola de gamba ou cello barroco e arpa tripa ou de dúas ordes.

En 2017 Luz y Norte publicou o seu primeiro álbum co selo internacional Brilliant: *Vea yo los ojos bellos (Music from the time of Cervantes)*, con música dos compositores barrocos españois Sebastián Durón, Juan Bonet de Paredes, José Marín e Juan do Vao, todos eles influídos durante a súa vida pola poética de Miguel de Cervantes.

[luzynortemusical.wixsite.com/luzynorte](http://luzynortemusical.wixsite.com/luzynorte)





## Víctor SORDO TENOR

Iniciou a súa formación vocal con María Coroadá-Herrera na súa Badaxoz natal. Máis tarde especializouse en canto histórico con Jan Van Elsacker, Isabel Álvarez, Miguel Bernal, Kevin Smith, Jordi Ricart, Lambert Climent e Bart Vandewege.

Ao mesmo tempo foi solista en oratorios e óperas de Purcell, Haendel, Bach, Mozart, Haydn e Charpentier, xunto a importantes formacións como Forma Antiqua, a Real Orquestra Sinfónica de Sevilla, a Orquestra de Estremadura, a Orquestra de Cadaqués, a Nova Orquestra Barroca de Andalucía ou a Orquestra da ESART e Orquestra Tempo Giusto, baixo as batutas de directores como Kenneth Weiss, Pedro Halfter, Michael Thomas, Aarón Zapico, Fausto Nardi, Ricardo Solans, Francisco Xeonllo ou Pilar Montoya. Colabora con prestixiosas agrupacións como Collegium

Vocale Gent, Les Talens Lyriques, Akademie für Alte Musik, Hesperion XXI ou Le Concert des Nations, entre outras e canta regularmente en importantes salas europeas, como o Auditorio Nacional (Madrid), o Teatro da Maestranza (Sevilla), o Palau da Música e Auditori (Barcelona), o Palais des Beaux Arts (Bruxelas) ou o Théâtre des Champs Élysées e Citei da Musique (París).

Realizou gravacións discográficas para SONY, Deutsche Harmonia Mundi, Deutsche Grammophone, Alia Vox, Glossa ou Pentatone.



## Sara ÁGUEDA ARPA HISTÓRICA

Inicia os seus estudos no Conservatorio Arturo Soria de Madrid, afonda no estudo da arpa de dúas ordes coa profesora Nuria Llopis, e completa a súa formación como arpista histórica con Mara Galassi na Escola Superior de Música de Cataluña (ESMUC).

Comeza a súa andadura na Compañía Nacional de Teatro Clásico (CNTC) como música de escena, coa que participa en numerosas montaxes de obras de Miguel de Cervantes, Tirso de Molina, Calderón de la Barca e Lope de Vega, rescatando o extenso repertorio de tons humanos e música instrumental que formaba parte da paisaxe teatral do Século de Ouro español. Coa compañía realiza numerosas xiras nacionais (Sevilla, Barcelona, Toledo, Valencia, Bilbao, A Coruña, Logroño) e internacionais (Lisboa, Bos Aires, Montevideo).

Toca habitualmente en destacados festivais en España, Francia, Portugal, Alemaña, Italia, Bélxica, Polonia, Suecia, Letonia, India, EEUU, Colombia, México, Bolivia, Perú, Arxentina, Uruguai, etc. Colabora con numerosos

grupos dedicados á interpretación histórica como Música Ficta, La Capilla Jerónimo de Carrión, Música Alchemica, Orquesta Barroca de Sevilla, La Ritirata, Vandalia, Coral de cámara de Pamplona, Capella Sanctae Crucis, La Grande Chapelle, Armonía Concertante, Camerata Ibérica, Cantoría Hispánica, Esquivel, Capella de Ministrers, Le Poème Harmonique, etc.

Formou parte do proxecto pedagóxico L'Orfeo de Monteverdi no Teatro Real de Madrid e realizou numerosas gravacións discográficas para os selos Glossa, Brilliant Classic, Enchiriadis, Alpha, Panclassic, Dux, Cantus Records, Vanitas, Lauda Música ou CMY Barroque, e para os medios RTVE (España), France Musique, RTP (Portugal), Stockholm Radio, Catalunya Música, Mezzo, Arte, etc.



## *Calia* ÁLVAREZ VIOLA DE GAMBA

Nace na Habana, onde cursa estudos de música na especialidade de violonchelo no Conservatorio «Amadeo Roldán». Durante a súa etapa de estudante obtén diversos premios e galardóns en importantes concursos nacionais. Desde 1995 forma parte da Orquestra Sinfónica Nacional de Cuba e da Orquestra Sinfónica do Gran Teatro da Habana.

Comeza a estudar viola da gamba en 1999 e ese mesmo ano integra o Conxunto de Música Antigua Ars Longa da Habana, co que realizou numerosas xiras internacionais por Francia, España, Italia, México, Colombia, etc. Ademais, realizaron numerosas gravacións discográficas para a casa francesa K.617, premiadas polas máis importantes publicacións francesas.

En 2002 trasládase a España, cursa estudos de viola da gamba no Conservatorio Superior de Música de Sevilla «Manuel Castillo» con Ventura Rico e obtén matrícula de honra en todos os cursos. Recibiu clases dos máis importantes gambistas e violonchelistas como Jordi Savall,

Wieland Kuijken, Vittorio Ghielmi, Itziar Atutxa, Mercedes Ruiz e Fahmi Alqhai.

Foi a fundadora e directora dos grupos Il Parnasso dell'Armonia, con repertorio centrado no Renacemento e Barroco europeos, e de Musica Liberata, especializado na interpretación do Barroco Latinoamericano. Como solista tamén forma parte de agrupacións como a Orquesta Barroca de Jerez, Il Parlamento, Qvinta Pars e Artilugium, e colabora con ensembles como a Orquesta de Cámara de Ceuta, Folengo e Ensemble Buenayre, e con solistas e directores da talla de Juan Carlos de Mulder, Gerard Talbot ou Lambert Climent.



## 2/

*José* MARÍN / Que bien canta un ruiseñor  
1618 - 1699

*Diego* ORTIZ / Recercadas V y II  
CA 1510 - CA 1570

*Juan* BONET DE PAREDES / ¿Cuándo podré logarte?  
CA 1647 - 1710

*Anónimo* / Son los ojos de Gileta

## 3/

*Anónimo* / No podrás, que es en balde

*Antonio* MARTÍN Y COLL / Fofías  
1660 - 1734

*José* MARÍN / Viuda tórtola del Tajo  
1618 - 1699

*Anónimo* / La morena de más gracias

# 29

NOVEMBRO

20:00h

TEATRO PRINCIPAL  
*de* OURENSE

Josep Ramón Olivé, barítono

Francisco Poyato, piano



## Josep Ramón OLIVÉ BARÍTONO

Josep-Ramon Olivé é na actualidade un dos mozos barítonos españois con maior proxección internacional, afianzada polas súas colaboracións con orquestras como Les Arts Florissants e Hespérion XXI e o seu recente debut no Gran Teatre del Liceu e o Festival de Peralada.

Nado en Barcelona, comeza os seus estudos de violonchelo, piano e canto na Escolania de Montserrat e posteriormente segue na Escola de Música de Barcelona. Graduado na especialidade de dirección de coro e canto clásico na ESMUC (Escola Superior de Música de Catalunya), continúa a súa formación vocal na Guildhall School of Music & Drama (Londres) onde forma parte do prestixioso opera course co profesor Rudolf Piernay. Participa en clases maxistras de Graham Johnson, Eric Halfvarson, Carlos Mena, Edith Wiens, Gerald Finley, Malcolm Martineau, Kurt Widmer, Josep Bros, Luigi Alva e Teresa Berganza.

Interpreta no campo do oratorio *Ein deutsches Requiem* de Brahms, o *Réquiem* de Fauré, o *Réquiem* de Duruflé, o *Carmina Burana* de Orff, o *Réquiem* e as *Vesperæ solennes de confessore* de Mozart, o *Mesías*, *Esther* e *Alexander Balus* de Haendel

e o *Magnificat*, a *Misa en Si menor* e o *Weinachts Oratorium* de Bach.

Gañador da prestixiosa Gold Medal da Guildhall School, entre varios premios destacan o primeiro premio e o do público do Handel Singing Competition de Londres, o segundo galardón e nova promesa do Concours International de Chant «Symphonies d'Autômne» de Mâcon e o segundo do Concurso Permanente de Juventudes Musicales de España. O ano 2015 é nomeado Young Artist por Oxford Lieder xunto ao pianista Ben-San Lau.

Os últimos anos gravou para os selos Alia-Vox, Columna Música, Phaedra, Discmedi, Solfa e Musièpoca. Durante o ano 2016 foi artista residente da Fundació Catalunya-La Pedrera así como tamén do Ateneu-CMEM de Banyoles e o 2017/18 foi seleccionado para o programa «Le Jardin des Voix» de William Christie e Les Arts Florissants.



## *Francisco* POYATO PIANISTA

O pianista Francisco Poyato realizou estudos superiores de piano, composición e dirección de orquestra en Barcelona e Badalona, con profesores como Josep Pons, Salvador Mas, Josep Soler, entre outros. Cursou a especialidade de *Lied* con Hartmut Höll e Mitsuko Shirai na Universität Mozarteum de Salzburgo, onde tamén estudou pianoforte e interpretación histórica con Anthony Spiri. Ampliou a súa formación pianística con Frédéric Gevers, Alain Motard, Menahem Pressler e Dimitri Bashkirov, entre outros, e de Lied con Edith Mathis, Dietrich Fischer-Dieskau, Thomas Hampson e Robert Holl. Gañou varios premios, como solista e no campo do Lied.

De 1995 a 2001 exerceu de profesor de repertorio no Departamento de Canto da Universität Mozarteum de Salzburgo, sendo tamén invitado como docente á Sommerakademie deste prestixioso centro. Desde a creación, no ano 2001, da Escuela Superior de Música de Catalunya imparte nela a especialidade de Lied para dúos de canto e piano. Tamén deu cursos de Lied, canción catalá e «canción» na Sala Paper de Música de Capellades, nos cursos da Schubertiada de Vilabertran e na Hochschule für Musik de Karlsruhe.

Desde hai máis de vinte anos forma dúo coa soprano Assumpta Mateu. Traballa tamén con cantantes como Mitsuko Shirai, Ruth Ziesak, Liesbeth Devos, Lluís Vilamajó, Marta Mathéu,

Christina Koch ou José Ferrero, entre outros. É o responsable, xunto con Assumpta Mateu e Lluís Vilamajó, da primeira gravación integral das cancións de Eduard Toldrà para o selo Columna Música.

Ofreceu concertos en España: Auditorio de Barcelona, Palau de la Música, Schubertiada de Barcelona e Vilabertrán, Auditorio de la Maestranza de Sevilla, Festival Manuel de Falla de Granada; Austria: Mozarteum de Salzburgo, Linz; Alemaña: Baviera, Münster, Stuttgart; Croacia: Sala Lisinzi de Zagreb; Francia e Portugal. Gravou para Catalunya Ràdio, Radio 2, Canal 33, a WDR alemá e Radio Zagreb.



# Programa

Josep Ram3n OLIVÉ / BARÍTONO

Francisco POYATO / PIANISTA

## 1/

Franz SCHUBERT / *Ganymed / Die G3tter Griechenlands / Heimliches Lieben*  
1826 - 1881

Gustav MAHLER / *Ich bin der Welt abhanden gekommen* (Rückert-Lieder)  
1860 - 1911

Erich Wolfgang KORNGOLD / *Mein Sehnen, mein W3hnen* (Die Tote Stadt)  
1897 - 1957

Richard STRAUSS / *Morgen / Heimliche Aufforderung / Die Nacht /  
Wie sollten wir geheim sie halten*  
1864 - 1949

## 2/

Federico MOMPOU / *El combat del somni*  
1893 - 1987  
*Damunt de tu només les flors / Aquesta nit un  
mateix vent / Jo et presentia com la mar*

Claude DEBUSSY / *Le Promenoir de deux amants*  
1862 - 1918  
*Auprès de cette grotte sombre / Crois mon conseil, chère  
Climène / Je tremble en voyant ton visage*

Maurice RAVEL / *De Don Quichotte à Dulcinée*  
1875 - 1937  
*Chanson romanesque / Chanson épique / Chanson à boire*

Sergei RACHMANINOFF / *O dolgo budu ja* (No silencio da noite secreta) Op.4 Nr.3  
1873 - 1943

Petr Ilich TCHAIKOVSKY / *Net, tol'ko tot, kto znal* (Ningúen m3is que o cora33n  
solitario) Op.6.N.6 / *Olchevo* (Por que?) Op.6 Nr.5  
1840 - 1893

Ambrose THOMAS / *Ô vin dissipe la tristesse* (Hamlet)  
1811 - 1896

# Venda de ENTRADAS

## **Billeteira do Teatro Principal**

Rúa da Paz, 9. Ourense.

Tel. 988 317 960

[www.teatroprincipalourense.com](http://www.teatroprincipalourense.com)

**Na páxina web [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)**

<b>BUTACA DE PATIO E PLATEA</b> . . . . .	<b>8 €</b>
<b>1º ANDAR</b> . . . . .	<b>8 €</b>
<b>2º ANDAR</b> . . . . .	<b>7 €</b>
<b>PARAÍSO E VR.</b> . . . . .	<b>5 €</b>



Para calquera información adicional pode dirixirse á

**Concellería de Cultura do Concello de Ourense:**

**Auditorio Municipal**

Rúa da Canle, 2. Ourense.

Tel. 988 391 290



15 de NOVIEMBRE  
20:00 h TEATRO PRINCIPAL *de* OURENSE

Susana de Lorenzo, soprano  
Alejo Amoedo, pianista

22 de NOVIEMBRE  
20:00 h TEATRO PRINCIPAL *de* OURENSE

Luz y Norte:  
V́ctor Sordo, tenor  
Sara Águeda, arpa histórica  
Calia Álvarez, viola de gamba

29 de NOVIEMBRE  
20:00 h TEATRO PRINCIPAL *de* OURENSE

Josep Ramón Olivé, barítono  
Francisco Poyato, piano

ORGANIZA:



COLABORAN:



—  
[www.ourensecultura.com](http://www.ourensecultura.com)